

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE ARTEIXO**

ANUNCIO de aprobación do cambio de uso dotacional da parcela D-ZV do Plan parcial A Zapateira-1, urbanización Montegolf.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do xoves 30 de outubro de 2025, adoptouse, entre outros, o acordo de aprobación do cambio de uso dotacional da parcela D-ZV do Plan parcial A Zapateira-1, urbanización Montegolf (documentación presentada o 12.9.2025, NRE 202599900008510).

Constan no certificado do Pleno (CVD: 7zpo6CQtiiEMqxVr3N8Y) os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar o cambio de uso dotacional da parcela D-ZV do Plan parcial A Zapateira-1, urbanización Montegolf, para os usos seguintes:

- Zona deportiva (SX-EQ-DE): 15.319 m².
- Zona verde 1 (SL-EL-1): 1.854 m².
- Zona verde 2 (SX-EL-2): 5.175 m².
- Vías rúa Raquel Forner (SL-IC-VIA): 2.938 m².

Segundo. Manter en todo caso a titularidade pública dos terreos afectados e garantir o cumprimento dos estándares urbanísticos de sistemas xerais de espazos libres e zonas verdes, conforme a avaliación do conxunto municipal que resulta de 612.839 m² fronte aos 574.876 m² exixidos polo artigo 42.1.a) da LSG.

Garantir igualmente o cumprimento dos estándares urbanísticos de sistema xeral de equipamento comunitario, que resulta de 218.176 m² fronte aos 191.625 m² exixidos polo artigo 42.1.b) da LSG.

Terceiro. Dar traslado do acordo que se adopte ao Departamento Municipal de Patrimonio e Bens e incorporar este cambio de uso aos instrumentos de ordenación que proceda cando se redacten modificacións ou revisións do planeamento vixente.



Cuarto. Publicar o acordo de aprobación no *Diario Oficial de Galicia* (artigo 88.1 da LSG e artigo 209.1 do RLSG) e posteriormente, remitir a solicitude de inscrición ao Rexistro de Planeamento Urbanístico da Xunta de Galicia, para os efectos de publicidade e eficacia do cambio de uso.

Contra resolución adoptada poderase recorrer directamente por recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Arteixo, 6 de novembro de 2025

O alcalde
P.D. (Decreto 1243/2025, do 8 de maio)
Luis Alberto Castro Calvete
Concelleiro delegado en materia de Urbanismo

CVE-DOG: qxoeenp6-2ri6-w0m1-u9i6-4hke4khyevu6

